

A LEITEIRA DE VERMEER

Claro que nunca poderei pagar o que a miña nai fixo por min nin nunca serei quen de escribir algo semellante ao Correio que Miguel Torga datou en Coímbra, o 3 de setembro de 1941.

—“Filho”...

E o que a seguir se lê

É de uma tal pureza e um tal brilho,

Que até da minha escuridão se vê.

A miña nai era leiteira. Tiraba dun carriño con dous grandes xerros de cinc. O leite que repartía era o das vacas do meu avó Manuel, de Corpo Santo, a unha ducia de quilómetros da cidade. Este meu avó, cando era mozo, tivo un día na man a pluma de escribir do párroco e dixo: “Que letra máis bonita tería se soubese escribir!” E aprendeu a facelo cunha fermosa letra de formas vexetais. Por encargo das familias, fixo centos de cartas a emigrantes. Na súa mesa escritorio vin por vez primeira, en postal, a Estatua da Liberdade, as fervenzas do Iguazú e un xinete gaucho pola Pampa. Nós viviamos no barrio de Monte Alto da Coruña, nun baixo da rúa de Santo Tomé, tan baixo que había

casquadas con refuxio nas baldosas movidas. Ás veces xogaba contra elas, situándoas no exército inimigo. Eu coñecía o medo, pero non o terror. Voulles contar como tomei contacto co terror. A miña nai leiteira marcha co seu carriño con xerros de cinc. Estou a xogar coa miña irmá María. De repente, escoitamos bombas e un grande balbordo na rúa. Asomamos á ventá do baixo para ver que pasa. Pegados ao vidro, descubrimos o terror. O terror vén cara a nós. A miña nai atopounos abrazados e chorando no baño. O terror era o Rei Cabezado.

En 1960 eu teño tres anos. Pola tarde, escoito os cánticos dos presos no patio do cárcere. Pola noite, as luzadas da Torre de Hércules viran como aspas cósmicas sobre o cabezal da cama. A luz do faro é un detalle importante para min: o meu pai está na outra banda do mar, nun sitio que chaman A Güaira.

Eu teño tres anos. Recórdoo todo moi ben. Mellor que o que ocorreu hoxe, antes de comezar esta historia. Incluso recordo o que os outros aseguran que non sucedeu. Por exemplo. O meu padriño, non sei como o conseguiu, trae un pavo para a festa de Nadal. Nas vésperas, o animal foxe cara ao monte da Torre de Hércules. Perségueno todos os veciños. Cando están a piques de pillalo, o pavo bota a voar dun xeito imposíbel e pérdese no mar

como un ganso salvaxe. Esa foi unha das cousas que eu vin e non sucedeu.

No 1992 fun a Amsterdam por vez primeira. Aquela viaxe tan desexada era para min unha especie de peregrinación. Devecía por ver *Os comedores de patacas*. Diante daquel cadro de misterioso fervor, o máis fondamente relixioso de cantos teño visto, a verdadeira representación da sagrada familia, reprimín o impulso de poñerme de xeonllos. Tiven medo de chamar a atención como un turista excéntrico, deses que pasean por unha catedral con gafas de sol e pantalón bermudas. En castelán hai dúas verbas: *hervor* e *fervor*. En galego só hai unha: fervor. A luz do fervor da fonte de patacas ascende cara a tenue lámpada e ilumina os rostros da familia campesiña que miran con fervor o sagrado alimento, o humilde froito da terra. Tamén fun ao Rijksmuseum e alí atopei *A leiteira* de Vermeer.

O feitizo de *A leiteira*, pintado en 1660, está na luz. Expertos e críticos teñen escrito textos moi suxerentes sobre a natureza desa luminosidade, pero a última conclusión é sempre unha interrogante. É o que chaman o misterio de Vermeer. Antes de parar no Rijksmuseum, tivo varios propietarios. No 1798 foi vendido por un tal Jan Jacob a un tal J. Spaan por un prezo de 1.500 floríns. No inventario faise a seguinte observación: "A luz,

entrando por unha fiestra no lateral, dá unha impresión milagrosamente natural".

Diante desa pintura eu teño tres anos. Coñezo a aquela muller. Sei a resposta ao enigma da luz.

*Hai séculos, nai, en Delft, lembras?,
ti vertías o xerro na casa de Johannes
Vermeer, o pintor, o home de Catharina Bolnes,
filla da señora María Thins, aquela tesa,
que tiña outro fillo medio tolo,
Willem, se mal non recordo,
o que deshonorou á pobre Mary Gerrits,
a criada que agora abre a porta
para que ti entres, nai,
e vaías onde a mesa do recanto
e co xerro derrames bolboretas de luz
que o gando dos teus pastou
nos farrapos verdes e sombríos de Delft.
A tal que eu soñei no Rijksmuseum,
Johannes Vermeer encalará con leite
esas paredes, o latón, o vimbio, o pan,
os brazos teus,*

*aínda que na ficción do cadro
a fonte luminosa é a ventá.
A luz de Vermeer, ese enigma de séculos,
esa claridade inefábel sacudida das mans de Deus,
leite por ti munxido na corte escura,
na hora dos morcegos.*

Cando lle dei a ler o poema a miña nai, nin sequera pestanexou. Sentínme inseguro. Aínda que falaba da luz, quizais era en demasía escuro. Fun a un estante e collín un libro sobre Vermeer, o de John Michael Montias, onde viña unha reprodución de *A leiteira*. Desta vez, a miña nai pareceu impresionada. Mirou a estampa durante moito tempo sen falar. Despois gardou o poema e foise.

Uns días máis tarde, a miña nai volveu á nosa casa de visita. Traía, como ten por costume, ovos das súas galiñas, e patacas, cebolas e leitugas da súa horta. Ela sempre di: "Vaias onde vaias, leva algo". Antes de despedirse, dixo: "Tamén trouxen unha cousa para ti". Abriu o bolso e sacou un papel branco dobrado como un pano de encaixe. O papel envolvía unha foto. A miña nai explicou que fora de casa en casa das súas irmás para poder recuperala.

A foto era de solteira. Anterior a 1960, pero moi posterior, desde logo, a 1660. A miña nai non recorda quen foi o fotógrafo. Si recorda a casa, a dona de mal carácter, o fillo medio tolo e a criada que abría a porta. Era unha moza moi guapa, da parte de Culleredo. "Un día fun e abriume outra. A ela despedírana, pero eu nunca souben o porqué". Na súa mirada había unha pregunta: "E ti como soubeches o da pobre Mary?" Logo, sentenciou: "Detrás dos pobres sempre anda a gadaña".

Pola contra, a miña nai xa non lle daba ningunha importancia a que a muller do cadro e a da foto se parecesen tanto como dúas gotas de leite.

Manuel Rivas, *Que me queres, amor*.